

ANUNCIO DE LICITACIÓN

CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVICIO BAR PISCINA MUNICIPAL CONCELLO DE MACEDA POR PROCEDIMIENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE.

Mediante Resolución de Alcaldía, de data 9 de xuño de 2025, apróbase expediente de contratación:

1.- Entidade adjudicadora.

- a) Organismo: Concello de Maceda.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: Concesión de servizo
- b) Descrición do obxecto: Concesión de servizo Bar piscina municipal Concello de Maceda.
- c) Prazo de execución do contrato: a duración do contrato será por un prazo de dous anos, podendo prorrogarse o contrato por dous anos mais, feito que se producirá de xeito automático se no prazo mínimo de dous meses anteriores a finalización do contrato ningunha das partes manifesta por escrito a outra parte o seu propósito de dar por finalizado o contrato.

3.- Tramitación: Urxente.

4.- Procedemento: Aberto con varios criterios de adjudicación.

5.- Valor estimado do contrato.

O valor estimado ven determinado polo estudo de viabilidade ou polo cálculo realizado polo técnico municipal. Segundo o estudo de viabilidade realizado polo técnico o valor estimado do contrato ascende, en todo o período de vixencia do contrato coas prórrogas incluídas, a 59.731,40 €.

6.- Base ou tipo de licitación.

O orzamento base de licitación corresponderase co canon anual a aboar ao Concello. O canon mínimo esixible para poder participar e para que a oferta non sexa excluída ascenderá a un canon anual por importe de 3.000,00 €.

7.- Obtención de documentación e información:

Dirección: Concello de Maceda, c/Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda, CP 32700.

Teléfono: 988463001

Correo electrónico: oficina2@concellodemaceda.org
secretaria@concellodemaceda.org

Sede electrónica: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>

Perfil do contratante do Concello de Maceda, integrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia: <https://www.contratosdegalicia.gal/>

8.- Presentación de ofertas

Para a licitación do presente contrato, poden presentarse as ofertas mediante a presentación electrónica e mediante a presentación manual, coa finalidade de facilitar a concorrência no procedemento.

Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tfno. 988463001. Fax: 988463163



Presentación electrónica: As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, presentarase dentro do prazo de trece días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante, de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas SILEX (https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/) que a Plataforma de contratos públicos de Galicia pon ao dispor de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

Presentación manual: As ofertas presentaranse no Concello con domicilio en Xardíns Rosalía de Castro nº 1, en Maceda CP 32700, en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de trece días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.

9.- Criterios de adjudicación: os previstos na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares.

10.- Documentación a presentar: véxanse os pregos que rexen o contrato.

11.- Apertura de proposicións.

A Mesa de Contratación constituirase o primeiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12:00 horas.

A apertura da oferta económica realizarase en acto público.

En Maceda, A Alcaldesa, Uxía Oviedo De Dios
Documento asinado dixitalmente.

